



Expte. Cividas: 2018020387

DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense, na data da sinatura electrónica

Visto o informe-proposta elaborado, pola titular en funcións (Decreto da Concellería de Recursos Humanos nº 2018004476, de data 28/06/2018) do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria, de data 20 de xuño, refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha transferencia de créditos feita pola Concellería de Cultura, mediante providencia de data 22 de xuño, visto o informe favorable de fiscalización emitido pola Intervención Xeral en data 01 de agosto de 2018, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como de acordo co artigo 14 das Bases de execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO** :

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 19-T/2018, utilizando a figura das transferencias de crédito entre aplicacións encadradas na mesma área de gasto, nos seguintes termos:

Área de gasto 3

A) APLICACIÓN QUE RECIBE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N200.3380.22610	Festas tradicionais da cidade	34.000,00 €
Total Transf. Positivas:		34.000,00 €

B) APLICACIÓN QUE TRANSFIRE CRÉDITO

Aplicación	Descrición	Importe
N200.3343.22692	Convenio con asociación cultural Ricardo Courtier	34.000,00 €
Total Transf. Negativas:		34.000,00 €

2.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Excmo. Sr. Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

